

Visto o anterior, e o informe emitido o 28 de outubro de 2008, pola asesoría xurídica desta consellería, sobre a tramitación das directrices de ordenación do territorio, estimase procedente retrotraer o expediente ao inicio do proceso de tramitación ambiental, emendando así os defectos da tramitación das directrices de ordenación do territorio.

En virtude das atribucións que me confire a Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia, e o Decreto 83/2009, do 21 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica dos departamentos da Xunta de Galicia, e o Decreto 316/2009, do 4 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas,

#### DISPOÑO:

Primeiro.-Retrotraer o expediente ao inicio do proceso de tramitación ambiental-avaliación ambiental estratéxica (AAE).

Segundo.-Deixar sen efecto a Orde do 15 de setembro de 2008, publicada no DOG número 180, do 17 de setembro, pola que se aprobaron inicialmente as directrices de ordenación do territorio.

Santiago de Compostela, 9 de novembro de 2009.

Agustín Hernández Fernández de Rojas  
Conselleiro de Medio Ambiente, Territorio  
e Infraestruturas

## CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

*Orde do 6 de novembro de 2009 pola que se modifica a Orde do 9 de xaneiro de 2009 que modifica a Orde do 28 de abril de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións a pequenas e medianas empresas galegas para apoiar as accións de implantación e certificación de modelos de xestión e a elaboración e verificación de memorias de responsabilidade social empresarial, así como para a selección de entidades colaboradoras que participarán na súa xestión, e se procede á súa convocatoria (procedemento IN514B).*

No *Diario Oficial de Galicia* nº 17, do 26 de xaneiro de 2009 publicouse a Orde do 9 de xaneiro de 2009 que modifica a Orde do 28 de abril de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións a pequenas e medianas empresas galegas para apoiar as accións de implantación e certificación de modelos de xestión e a ela-

boración e verificación de memorias de responsabilidade social empresarial, así como para a selección de entidades colaboradoras que participarán na súa xestión, e se procede á súa convocatoria (procedemento IN514B).

No artigo único, punto dez, parágrafo segundo establécese: «Para cobrar a subvención concedida, a entidade colaboradora deberá presentar, ata o día 11 de decembro de cada anualidade para as actuacións de tipoloxía a1), a2), a3), a4) e b1) e ata o día 27 de novembro de 2009 para as actuacións de tipoloxía c1), c2) e c3), a documentación xustificativa que se establece a seguir, no Rexistro Telemático da Xunta de Galicia e mediante copia dixitalizada e sinatura electrónica (ver artigo 7º)».

Diversas dificultades de carácter técnico, así como retrasos que se están a producir na recepción da documentación están afectando a resolución do procedemento. Por tal motivo cómpre proceder a ampliar o prazo de presentación da documentación de xustificación.

Por todo isto, e no uso das facultades que me foron concedidas,

#### DISPOÑO:

Artigo único.-Modifícase o parágrafo segundo do punto dez do artigo único, da Orde do 9 de xaneiro de 2009 que modifica a Orde do 28 de abril de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións a pequenas e medianas empresas galegas para apoiar as accións de implantación e certificación de modelos de xestión e a elaboración e verificación de memorias de responsabilidade social empresarial, así como para a selección de entidades colaboradoras que participarán na súa xestión, e se procede á súa convocatoria (procedemento IN514B), que queda redactado como segue:

«Para cobrar a subvención concedida, a entidade colaboradora deberá presentar, ata o día 11 de decembro de 2009, a documentación xustificativa que se especifica na orde de convocatoria, para as actuacións de tipoloxía a1), a2), a3), a4), b1), c1), c2) e c3), no Rexistro Telemático da Xunta de Galicia e mediante copia dixitalizada e sinatura electrónica (ver artigo 7º)».

#### Disposición derradeira

Única.-Esta orde entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 6 de novembro de 2009.

P.D. do conselleiro  
P.S. (Decreto 324/2009, artigo 6º.1.0)  
José Alfonso Marnotes González  
Vicesecretario xeral da Consellería de Economía  
e Industria